



## POSICIONAMENTO SOBRE O LOBO FURADO A PERDIGÓNS EN BARRO

As organizacións asinantes solicitamos que se investigue a aparición dun lobo morto en Barro coincidindo coa celebración do recente Campionato de Pontevedra de caza de Raposo (proba clasificatoria para o galego). E se existe unha relación circunstancial e/ou hai indicios probatorios de ter acontecido durante dito evento. Trátase dun feito moi grave que amosa o desprezo dalgunhas persoas polo patrimonio natural e o respecto ás leis.

O pasado martes un veciño de Barro atopou un lobo morto no lugar de Valinas. O animal levaba menos de tres días morto e conta con tres orificios que sinalan posibles perdigóns.

Denunciamos que estes campionatos non contan coa vixilancia necesaria (neste caso participaron 330 cazadores) e resulta habitual ter que lamentar similares sucesos ilegais. Estes campionatos teñen unha ampla oposición na sociedade. No só carecen de total reprobación ética e moral senón que non teñen xustificación científica, e fanse á marxe da planificación cinexética dos TECORES. Matar raposos non axuda a recuperar as poboacións de perdices nin de coellos, afectadas por múltiples factores, sinalando entre outras, tamén, ás malas prácticas cinexéticas, por sobrecaza ou por repoboacións cinexéticas con animais de granxa, así coma, os cambios no hábitat, como os monocultivos forestais.

Solicitamos que se abran dilixencias e se investigue se hai relación entre o campionato e este lobo morto, en particular, a cuadrilla que tivo asignada esa zona durante o evento. Recordando que a caza de lobo, nesta zona, está totalmente prohibida segundo o Plan de Xestión de lobo, agás excepcionais. Precisamos dunha administración que investigue e condene firmemente os actos de furtivismo, por desgraza habituais na comunidade galega e que se persigan por vía penal con sentencias exemplares. Esiximos ademais que a Administración dispoña das medidas necesarias para controlar con garantías estes campionatos, o próximo o galego que se celebrará o vindeiro fin de semana en Dozón, e que se cancele de non ser así. Para un evento que rexeitamos categoricamente por resultar unha competición na que se premia a habilidade de matar o maior número de raposos no menor tempo posible.

**Asociacións asinantes:** ADEGA, ASCEL, Grupo de Estudio dos Animais Salvaxes (GEAS)

**Contacto:** 981570099 (ADEGA)